



INFORMACIÓN EN MATERIA DE DATOS PERSOAIS NO ALOXAMENTO DE VÍDEOS

A carga dun vídeo en Microsoft Stream require o cumprimento da normativa de protección de datos persoais [*Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP)*, e *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD)*], en relación coa previa gravación, de ser o caso, e coa difusión a través da ferramenta Stream.

De conformidade con esta normativa, a difusión dun vídeo que conteña datos persoais require a concorrencia dalgunha das bases de **lexitimación** previstas no artigo 6 RXPDP: consentimento das persoas afectadas, necesidade de execución dun contrato do que é parte a persoa afectada, protección de intereses vitais, cumprimento dunha obriga legal, interese público ou exercicio de poderes públicos, ou interese lexítimo. O desenvolvemento da función docente a distancia (docencia e avaliación) en situación de supresión da docencia e avaliación presenciais constitúe unha base de lexitimación válida (artigos 6.1.c) e e) RXPDP: prestación do servizo público de educación superior, segundo a LO 6/2001, 21-12, de Universidades, e desenvolvemento das actividades exclusivamente a través de medios informáticos, xustificada con base no RD 463/2020, 14-3, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e en toda a normativa posterior que impón restricións ás actividades presenciais e recomendacións por motivos sanitarios de prevención da propagación do COVID-19).

A inexistencia de base de lexitimación podería dar lugar non só a infracción da normativa de protección de datos persoais, senón incluso, en determinadas circunstancias, á posible esixencia doutras responsabilidades administrativas, civís ou penais.

Non está permitido **difundir nin compartir** fóra das canles internas da UDC de material audiovisual elaborado para as actividades docentes, dado que pode atentar contra os dereitos á protección de datos persoais, á propia imaxe, e á propiedade intelectual das persoas implicadas, e podería dar lugar á esixencia de responsabilidades legais.

Para maior información sobre obrigas e dereitos en materia de protección de datos pode consultarse o punto 5 do **Aviso legal da UDC**:
https://www.udc.es/es/pe/aviso_legal/